

## **PREMIO HONORÍFICO Á TRAXECTORIA DAS MULLERES DO CONCELLO DE SANXENXO**

As presentes bases teñen por obxecto a concesión do premio honorífico á labor das mulleres do Concello de Sanxenxo.

Este premio está organizado polo Centro de Información ás Mulleres do Concello de Sanxenxo para facer visible, recoñecer e difundir a **traxectoria persoal, social, cultural, profesional e/ou empresarial das mulleres de Sanxenxo** (desenrolada tanto de xeito particular como a través de entidades públicas ou privadas ou asociacións) que veñen promovendo a transformación da sociedade para romper cos estereotipos de xénero, servindo de exemplo e referente para tódalas mulleres, fomentando a igualdade de oportunidades e contribuindo ao seu empoderamento.

### **BASES**

#### **1. Obxecto**

Facer visible, recoñecer e difundir a **labor e traxectoria persoal, social, cultural, profesional e/ou empresarial das mulleres de Sanxenxo** (desenrolada tanto de xeito particular como a través de entidades públicas ou privadas ou asociacións) que veñen promovendo a transformación da sociedade para romper cos estereotipos de xénero servindo de exemplo e referente para tódalas mulleres, fomentando a igualdade de oportunidades e contribuindo ao seu empoderamento.

## **2. Requisitos das participantes**

Poderán optar ao premio todas aquelas mulleres que naceran, teñan residido, ou residan en Sanxenxo.

## **3. Candidaturas**

As Candidaturas poderán presentarse:

- a) **A proposta dalgún dos membros do Xurado.**
- b) **Por iniciativa propia.**
- c) **A instancia de terceiras persoas.**

As candidaturas presentaranse no **Rexistro Xeral do Concello** de Sanxenxo entre o día **08 de febreiro e o 22 de febreiro do ano 2019.**

As propostas deberán aportar **datos suficientes** para poder recoñecer á candidata así como un **breve currículo e/ou historia da súa vida.**

O Xurado ou a organización poderán solicitar información complementaria ás candidaturas.

## **4. Criterios de valoración**

O Xurado valorará entre as candidatas os seguintes aspectos:

- a) **Traxectoria persoal, social, cultural, profesional e/ou empresarial.**
- b) **Retorno e repercusión na cidadanía.**
- c) **Promoción da igualdade de oportunidades.**

## 5. Premio

O premio consistirá **nun recoñecemento simbólico** mediante a entrega dun agasallo conmemorativo á unha única persoa ou entidade e sen dotación económica durante a celebración dun acto público e simbólico que terá lugar o día **9 de marzo do ano en curso**( Actos conmemorativos do Día da muller).

## 6. Xurado:

O Xurado estará composto por:

- a) **Concelleira ou concelleiro con competencias sobre Igualdade en calidade de Presidenta/e.**
- b) **A Directora do CIM, en calidade de Secretaria.**
- c) **Unha/un Técnica/o de Cultura.**
- d) **Unha/un Técnica/o de Servizos Sociais.**

En caso de empate nas votacións resolverase co **voto de calidade** da/o Presidenta/e.

Tódolos membros do Xurado comprométense a gardar absoluta **reserva e discreción** sobre as propostas presentadas.

## 7. Fallo do premio

O Xurado entre os días 25 de febreiro ao 01 de marzo do ano 2019 xuntarase para determinar o faio que se adoptará por **maioría simple e será inapelable**.

O Xurado poderá declarar deserto o concurso se ao seu xuízo as propostas presentadas non reúnen méritos suficientes ou non se axustan ás condicións establecidas na convocatoria.

## 8. Aceptación e divulgación

As participantes, polo mero feito de participar, aceptan estas bases así como a divulgación da traxectoria e méritos a través dos medios de comunicación e redes sociais. A non aceptación ou incumprimento dalgunha destas bases supón a renuncia ao citado galardón.

O Concello comprométese a gardar absoluta reserva e discreción dobre as propostas presentadas.

## 9. Circunstancias excepcionais

Calquera circunstancia non prevista será **resolta polo Xurado** e as súas decisións serán inapelables.

**Mais Información: Centro de Información ás Mulleres do Concello de Sanxenxo.**



Silvia Freire Fernández

Concelleira de Servizos Sociais e Igualdade

